

## BANDO INFORMATIVO SOBRE A OBTENCIÓN DE DOCUMENTOS SUBSTITUTIVOS DE BONOS USUARIOS OCASIONAIS

No traballo de modernizar o servizo e facelo mais accesible aos usuarios dende a concellería delegada de Educación e Cultura, emítese a seguinte circular para dar a coñecer a todos os posibles usuarios que:

Dende o 15 de decembro de 2017, cambia de procedemento para realizar o pagamento dos usos ocasionais dos servizos complementarios educativos: Bos Días, Tardes Divertidas e Comedor.

Os usuarios poderán optar por:

1º\_ Solicitar, por correo electrónico [ames@canaltributos.com](mailto:ames@canaltributos.com), por teléfono **981 88 48 96**, ou recoller nas Oficinas de Recadación Municipal, os impresos para pagar nas entidades colaboradoras.

2º\_ Obter a súa autoliquidación, documento válido para o pago nas entidades colaboradoras, accedendo a páxina web do Concello de Ames: [www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal) na **Oficina Virtual Tributaria**

**Recordámoslles que este documento debe ser entregado aos monitores dos servizos e que previamente para o uso do servizo debe solicitarse autorización.**

Os cambios consisten en que:

- deixa de ser necesario a adquisición de bonos na entidade colaboradora, xa que o documento necesario pasa a obterse seguindo algún dos pasos antes indicados.
- poderá realizarse o pago a través do TPV virtual de Abanca, ao que terá acceso dende á páxina do Concello de Ames con tarxeta de crédito de calquera entidade financeira ou nas entidades colaboradoras.

TPV virtual de Abanca : [[https://epasarela.abanca.com/wpgs012/wpgs012m\\_pagorecibosdefault.aspx](https://epasarela.abanca.com/wpgs012/wpgs012m_pagorecibosdefault.aspx)]

Para mais información pode dirixirse ás Oficinas de Recadación do Concello de Ames:

Milladoiro: Rúa Viorneira 6  
Bertamiráns: Pza. Horta de Abaixo  
Teléfono: 981 88 48 96  
Correo electrónico: [ames@canaltributos.com](mailto:ames@canaltributos.com)

Na páxina Web do Concello, sección AVISOS, tense publicado unha sinxela guía para obter as autoliquidacións de forma directa.

Os bonos xa adquiridos serán admitidos ata o 30 de marzo de 2018, dende ese momento poderán canxearse na oficina de Recadación do Concello de Ames ata o 30 de xuño de 2018.

Ames, 05 de xaneiro de 2018

O Alcalde

Jose M. Mijangos Conde



**Concello  
de AMES**  
Pz. do Concello, nº 2. Bertamiráns  
15220 AMES (A Coruña)  
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925